Tarefas de Historia 2º da ESO para facer na semana do 11 ao 15 de maio.

Ola estimados alumnoas: Parece que, pouco a pouco, a nova normalidade vaise instalando nas nosas vidas. Aí tedes outro exemplo máis da neolinguaxe coa que nós temos que ir familiarizando nestes novos tempos modernos tecnolóxico-pandémicos. De tódolos xeitos, xa sabedes: a Humanidade, no básico, segue a estar aí, para o bo e para o malo, como hai 5000 anos. Todo o que está escrito non deixan de ser reinterpretacións actualizadas da Iliada, da Odisea e da Biblia.

Bueno, pero nós ao noso. Antes de nada, cuestión administrativa: na semana pasada escribíavos que, de momento, non era necesario que me enviásedes os exercicios ao meu mail (steinbeck72@gmail.com), á espera de poder recoller as libretas ao final de curso. Bueno, pois iso mudou. Independentemente de que siga pensando en facelo, se a desescalada mo permite, os vosos titores/titoras nos piden aos compañeiros-profesores que vos fagamos un seguemento semanal (temos ata unha ficha e todo para cubrir). De tal xeito que, non me queda outra que pedirvos que a partires de esta semana, me envíedes as tarefas ao meu mail. Vaime petar, rediós! NON, NON, NON é necesario que me enviedes as tarefas das semanas anteriores. Comezamos os envíos para todoas a partir desta semana. Obrigatorio, polo tanto, enviar as actividades dende agora. As de antes non son necesarias enviarmas, de momento, ok? Eu despois volas vexo e envío esa ficha de CONTROL aos vosos titores/as. Terrorrrrrrrrrrr!

Ben, espero que a cousa quedase clara. E agora imos coas activiades desta semana. Tócanos rematar o tema 8, aprendendo un pouquiño sobre ese segundo gran estilo artístico da Idade Media que foi o gótico: as grandes catedrais, verdade?

Entón, imos facer así:

- Facemos as actividades 1 e 2 da páxina 156 sobre a arquitectura gótica.
- A continuación, imos á páxina 166 e facemos a actividade 2, Identificación e descrición, pero so as fotografías A e B (so indicar os nomes, non fai falla explicar as funcións dos elementos arquitectónicos).
- Agora imos as páxinas 158 e 159 e lemos a vida do Mestré André.
- Para rematar coa arquitectura, imos a páxina 167 e facemos as actividades do exercicio 2: A beleza da catedral.
- Finalmente, facemos as actividades da páxina 160 (1, 2, 3 e 4) sobre a escultura e a pintura góticas.

E con isto temos rematado os temas da IDADE MEDIA en xeral. A partires da semana que ven, comezaremos a estudar a Idade Media na Península Ibérica: temas 2, 4 e 7. Cuestións como Al Andalus, a Reconquista, as repoboacións, o Camiño de Santiago, a Coroa de Castela e a Coroa de Aragón, a transhumancia (beeeeee!), as guerras civís (isto de enfrentarnos entre españois xa ven de lonxe), as revoltas irmandiñas, e, finalmente, a convivencia de tres culturas na Península: musulmá, xudea e cristiá. Pero, como diría Jack o destripador: “Imos por partes”. Esta semana tócanos disfrutar da arte. Moito ánimo e saude, queridos amiguetes.